

# **CONTAS ANUAIS ABREVIADAS**

# **2020**

## 1) LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA E DESVIACIÓN ENTRE PLANS DE ACTUACIÓN

Tanto no estado de gastos como de ingresos, recóllense as partidas que corresponden a operacións de funcionamento, e dicir, directamente relacionadas coa conta de resultados, e operacións de fondo, aquelas relacionadas coas magnitudes de fondo para o que se empregan as partidas de balance.

### ESTADO DE INGRESOS

<b>PARTIDA PRESUPUESTARIA</b>	<b>I.ORZAMENT.</b>	<b>I. REALIZADO</b>	<b>DESVIACIÓN</b>
<b>1.- INGRESOS DA ACTIVIDADE PROPIA</b>	<b>380.970,00 €</b>	<b>385.984,29 €</b>	<b>5.014,29 €</b>
<b>1.1.- APORTACIÓN AO MANTEMENTO</b>	<b>150.000,00 €</b>	<b>150.000,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
- Consellería de Economía e Innovación	99.230,77 €	99.230,77 €	0,00 €
- Concello de Lugo	46.153,85 €	46.153,85 €	0,00 €
- C.E.L.	4.615,38 €	4.615,38 €	0,00 €
<b>1.2.- SUBV. DEPUTACIÓN "TECENDO EMPREGO</b>	<b>11.970,00 €</b>	<b>11.970,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>1.3.- SUBV. BONIFICACIÓN CURSOS</b>	<b>0,00 €</b>	<b>519,20 €</b>	<b>519,20 €</b>
<b>1.4.- SUBV. TRASPASADAS A RDOS</b>	<b>219.000,00 €</b>	<b>223.495,09 €</b>	<b>4.495,09 €</b>
<b>2.- INGRESOS DE ACTIVIDADE FEIRAL</b>	<b>286.030,00 €</b>	<b>193.330,03 €</b>	<b>-92.699,97 €</b>
<b>3.- OUTROS INGRESOS</b>	<b>78.400,00 €</b>	<b>74.637,29 €</b>	<b>-3.762,71 €</b>
- Aluguer salas e pavillóns	35.000,00 €	26.167,46 €	-8.832,54 €
- Aluguer oficinas e almacéns	34.000,00 €	38.214,09 €	4.214,09 €
- Regularizaciónes activo	0,00 €	0,09 €	0,09 €
-Outros servizos empresas pazo de feiras	8.000,00 €	9.465,25 €	1.465,25 €
-Ingresos máquinas expendedoras	1.400,00 €	790,40 €	-609,60 €
<b>4.-INGRESOS FINANCIEROS</b>	<b>0,00 €</b>	<b>719,37 €</b>	<b>719,37 €</b>
<b>5-INDEMNIZACIÓN SEGURO</b>	<b>0,00 €</b>	<b>1.972,44 €</b>	<b>1.972,44 €</b>
<b>A)TOTAL OPERAC.FUNCIONAMENTO</b>	<b>745.400,00 €</b>	<b>656.643,42 €</b>	<b>-88.756,58 €</b>

## **OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO:**

**1.- Ingresos da actividade propia**, por un importe realizado de 385.984,29 euros. Desglósase nas seguintes partidas:

**1.1.-Aportacións ao mantemento**, que figura por un importe realizado de 150.000,00 euros como resultado de aplicar o principio do devengo. Este importe distribúese da seguinte maneira:

. Consellería de Economía:	99.230,77 euros
. Concello de Lugo:	46.153,85 euros
. CEL:	4.615,38 euros

**TOTAL      150.000,00 euros**

Queda pendente de facerse efectivo a 31 de decembro as aportacións da:

- CEL: 4.615,38 euros
- Concello de Lugo: 23.076,92 euros

**1.2.- Subvención da Deputación Provincial para a contratación de traballadores desempregados para entidades sen ánimo de lucro no programa “TECENDO EMPREGO”** por importe de 11.970,00 euros. A Deputación Provincial de Lugo concedeu unha axuda de 37.800,00 euros, un 90% dos custos totais, para a contratación dun auxiliar de mantemento e dun auxiliar administrativo. No ano 2019 contabilizouse como subvención á explotación a parte proporcional da axuda por importe de 25.830,00 euros referente ao período do 26 de abril ao 31 de decembro de 2019 e a cantidade restante, 11.970,00 euros correspondente ao período do 1 de xaneiro ao 25 de abril do 2020 na partida 132 Subvención de capital. Neste exercicio regularizouse o importe que estaba contabilizado na partida 132.

**1.3.- Subvencións por cursos bonificados para traballadores** por importe de 519,20 euros.

**1.4.-Subvencións traspasadas a resultados**, por un importe de 223.495,09 euros. As subvenciones de capital que figuran no pasivo do balance de situación impútanse a resultados do exercicio a finais de ano en proporción á depreciación experimentada polo inmovilizado material e inmaterial coas que se financiou, tal como se recolle nas normas do Plan Xeral de Contabilidade de Fundacións.

**2.- Ingresos da actividade feiral:**

**-PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA EVENTOS FEIRAIS: 130.330,03 EUROS**

<b>EVENTOS 2020</b>	<b>IMPORTE</b>
XUENLUGO 2019/2020	38.062,39 €
EXPOSICIÓN CANINA	6.239,09 €
ARDUINO DAY, SALÓN DA ROBÓTICA DE LUGO	0,00 €
SALÓN AUTO NOVO E DE OCASIÓN	55.172,01 €
SALÓN DA CERVEXA DE LUGO	0,00 €
EXPOVERBENA	0,00 €
EQUIGAL	30.856,54 €
DEPORTE CON CORAZÓN	0,00 €
DRON LUGO	0,00 €
EXPOLUGO A RURAL	0,00 €
CAR OUTLET	0,00 €
SALÓN NUPCIAL DE LUGO	0,00 €
XUENLUGO 2020/21	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>130.330,03 €</b>

**-SUBVENCIONS PARA EVENTOS FEIRAIS: 63.000,00 EUROS**

**3.- Outros ingresos da actividade.** O importe realizado é de **74.637,29** euros, e corresponden ás seguintes partidas:

- Aluguer de instalacións: 26.167,46 euros.
- Aluguer de oficinas e almacéns: 38.214,09 euros
- Regularización pasivo corrente: 0,09 euros
- Servizos prestados de electricidade e calefacción ás empresas que se atopan instaladas no Pazo de Feiras e Congresos durante todo o ano (Club Deportivo Lugo, Fundación CEL, C.R. I.G.P Lacón Gallego, C.R. I.G.P. Ternera Gallega, Acrobasing): 9.465,25 euros.
- Ingresos da máquina expendedora de café e de refrescos. Xeráronse uns ingresos por importe de 790,40 euros.

**4.-Ingresos financeiros:** por importe de **719,37** euros procedentes dos xuros xerados polas contas correntes das que é titular a Fundación.

**5.-Ingresos correspondentes ao abono da indemnización** de sinistros cuberto pola póliza de seguro que ten contratada a Fundación, **1.972,44** euros.

## OPERACIÓNS DE FONDOS

Partida Orzamentaria	I.Orzamentado	Importe Realizado	Desviación
<b>OPERACIÓNS DE FONDOS</b>			
<b>1.-AMPLIACIÓN CAPITAL</b>	<b>80.769,23</b>	<b>297.590,23</b>	<b>216.821,00</b>
- Consellería de Economía	0,00	174.240,00	174.240,00
- Deputación Provincial de Lugo	80.769,23	123.350,23	42.581,00
<b>2.-TESORERÍA</b>	<b>6.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>-6.000,00</b>
<b>B) TOTAL INGRESOS</b>	<b>86.769,23</b>	<b>297.590,23</b>	<b>210.821,00</b>
<b>TOTAL INGRESOS (A+B)</b>	<b>832.169,23</b>	<b>954.233,65</b>	<b>122.064,42</b>

1.- **Ampliación de capital Fundadores:** 297.590,23 euros, correspondente a:

- Xunta de Galicia: 174.240,00 euros. Que en Padroado da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, celebrado o día 28 de decembro de 2019 e ratificado no Padroado do 15 de xaneiro de 2020, adoptouse, o acordo de proceder á ampliación da participación fundacional da Xunta de Galicia na cuantía de 174.240,00 € para a instalación dun rocódromo no Pazo de Feiras, facéndose efectivo neste exercicio e contabilizándose na conta 513 Outras débedas a curto prazo con partes vinculadas por estar pendente de escriturar.
- Deputación Provincial de Lugo, por importe 123.350,23 euros.  
Por unha banda, en reunión de Padroado celebrado o 24 de xuño de 2019 aprobouse por unanimidade unha ampliación da participación fundacional da Deputación Provincial de Lugo na cuantía de cento trinta mil catrocentos trinta e oito euros para a instalación dun rocódromo, facéndose neste exercicio un abono de 42.581,00 euros. Esta ampliación foi ratificada en Padroado celebrado o día 15 de xaneiro de 2020.

Por outra banda, en reunión de Padroado celebrado o día 15 de xaneiro de 2020 aprobouse por unanimidade unha ampliación da participación fundacional correspondente á aportación ao mantemento do 2020 na contía de 80.769,23 euros.

Ambas aportacións fixéronse efectivas neste exercicio e contabilizáronse na conta 513 Outras débedas a curto prazo con partes vinculadas por estar pendente de escriturar.

## ESTADO DE GASTOS

OPERACIONES DE FUNCIONAMIENTO	I.ORZAMENTADO	I. REALIZADO	DESVIACIÓN
<b>1.- PERSOAL</b>	<b>157.480,00 €</b>	<b>90.978,99 €</b>	<b>66.501,01 €</b>
- Soldos e Salarios	118.591,00 €	68.132,12 €	50.458,88 €
-Seguridade Social e outros gastos sociais	38.889,00 €	22.846,87 €	16.042,13 €
<b>2.- OUTROS GASTOS</b>	<b>174.689,23 €</b>	<b>181.221,78</b>	<b>-6.532,55 €</b>
<b>2.1.- Prima de seguros</b>	<b>8.000,00 €</b>	<b>6.772,83 €</b>	<b>1.227,17 €</b>
<b>2.2.- Teléfono, luz, gasóleo, gas e auga</b>	<b>76.800,00 €</b>	<b>71.161,36 €</b>	<b>5.638,64 €</b>
<b>2.3.- Mantemento</b>	<b>16.000,00 €</b>	<b>25.067,75 €</b>	<b>-9.067,75 €</b>
<b>2.4. Servizos externos</b>	<b>51.327,00 €</b>	<b>31.013,60 €</b>	<b>20.313,40 €</b>
-Limpeza	7.750,00 €	5.052,12 €	2.697,88 €
-Detención e extinción de incendios	14.272,00 €	5.195,00 €	9.077,00 €
-Desratización e desinsectación	450,00 €	400,00 €	50,00 €
- SGAE	1.280,00 €	1.264,04 €	15,96 €
-Caldeiras	2.000,00 €	1.440,00 €	560,00 €
-Fotocopiadora	2.000,00 €	1.730,84 €	269,16 €
-Escaleras mecánicas e ascensor	1.500,00 €	1.073,48 €	426,52 €
-Mantemento tanque propano	600,00 €	0,00 €	600,00 €
-Prevención de riscos laborais	700,00 €	622,96 €	77,04 €
-Auditoria	4.500,00 €	4.125,88 €	374,12 €
-Mantemento climatización	2.000,00 €	0,00 €	2.000,00 €
-Equipos Informático	1.075,00 €	0,00 €	1.075,00 €
-Mantemento alta e media tensión	1.200,00 €	657,80 €	542,20 €
-Consexe	12.000,00 €	9.451,48 €	2.548,52 €
<b>2.5.- Servizos Profesionais</b>	<b>14.670,00 €</b>	<b>40.949,40 €</b>	<b>-26.279,40 €</b>
- Secretaria	8.370,00 €	8.366,40 €	3,60 €
-Xerencia	0,00 €	27.183,00 €	-27.183,00 €
-Comunicación, Protocolo e Deseño	6.300,00 €	5.400,00 €	900,00 €
<b>2.6.- Outros servizos</b>	<b>7.650,00 €</b>	<b>5.576,02 €</b>	<b>2.073,98 €</b>
- Contratación Persoal externo	1.700,00 €	0,00 €	1.700,00 €
-Material de oficina	1.800,00 €	1.726,47 €	73,53 €
-Gastos de representación	2.000,00 €	1.974,08 €	25,92 €
-Correos	150,00 €	67,15 €	82,85 €
-Publicidade e relacións públicas	2.000,00 €	1.808,32 €	191,68 €
<b>2.7. Servizos bancarios</b>	<b>242,23 €</b>	<b>269,44 €</b>	<b>-27,21 €</b>
<b>2.8. Outros tributos</b>	<b>0,00 €</b>	<b>411,38 €</b>	<b>-411,38 €</b>
<b>3.- GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>2.500,00 €</b>	<b>482,67 €</b>	<b>2.017,33 €</b>
<b>4.- GASTOS FEIRAIS</b>	<b>240.900,00 €</b>	<b>158.005,61 €</b>	<b>82.894,39 €</b>
<b>5.- DOTACIÓN Á AMORTIZACIÓN</b>	<b>250.500,00 €</b>	<b>251.051,16 €</b>	<b>-551,16 €</b>
<b>6.- GASTOS ALUGUER INSTALACIÓNS</b>	<b>0,00 €</b>	<b>870,91 €</b>	<b>-870,91 €</b>
<b>7.- OUTRAS PÉRDAS DE XESTIÓN CORRENTE</b>	<b>0,00 €</b>	<b>11.266,17 €</b>	<b>-11.266,17 €</b>
<b>B) TOTAL OPERAC. FUNCIONAMENTO</b>	<b>826.069,23 €</b>	<b>693.877,29 €</b>	<b>132.191,94 €</b>

## **OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO**

**1.- Gastos personais**, por importe de 90.978,99 euros, que inclúe soldos e salarios, o gasto da seguridade social e outros gastos sociais. Consta das seguintes partidas:

- soldos e salarios do cadro de persoal, que está composto por un interventor e un encargado de mantemento: 57.147,96 euros.

O gasto correspondente ao cargo de xerente que figura no orzamento do exercicio 2020 non se recolle nesta partida porque non saiu convocatoria da praza a concurso público, e a xestión do Pazo a realiza a empresa Ancaria Gestión S.L.U.

- Persoal subvencionado pola Deputación Provincial de Lugo dentro do programa “Tecendo Emprego” no período do 1 de xaneiro ao 25 de abril neste exercicio. O gasto de dito persoal é o seguinte:

- un auxiliar administrativo: 5.608,09 euros
- un auxiliar de mantemento: 5.376,07 euros

-seguridade social: 22.327,67 euros.

-outros gastos sociais: 519,20 euros que corresponden a cursos bonificados de formación.

**2.- Outros gastos**, por un importe realizado de 181.221,78 euros. Nesa partida recóllense os gastos correspondentes a prima de seguros, teléfono, electricidade, calefacción, auga, limpeza, conserxería, auditoría, mantemento de detección e extinción de incendios, caldeiras, ascensor tanque propano, desratización e desinsectación e outros servizos.

**3.- Gastos financeiros** por un importe total de 411,38 euros e xerados pola contratación dunha póliza de crédito concertada coa entidade CAIXABANK.

**4 -Gastos feirais**. Realizouse un gasto de 158.005,61 euros que se desglosándose da seguinte maneira:

<b>EVENTOS 2020</b>	<b>GASTOS</b>
XUVENLUGO 2019/2020	24.912,56 €
EXPOSICIÓN CANINA	6.335,94 €
ARDUINO DAY, SALÓN DA ROBÓTICA DE LUGO	0,00 €
SALÓN AUTO NOVO E DE OCASIÓN	45.851,48 €
SALÓN DA CERVEXA DE LUGO	0,00 €
EXPOVERBENA	0,00 €
EQUIGAL	80.905,63 €
DEPORTE CON CORAZÓN	0,00 €
DRON LUGO	0,00 €
EXPOLUGO A RURAL	0,00 €
CAR OUTLET	0,00 €
SALÓN NUPCIAL DE LUGO	0,00 €
XUVENLUGO 2020/21	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>158.005,61 €</b>

**5.- Dotación á amortización de inmovilizado**, por importe de 251.051,16 euros e que corresponde a depreciación experimentada polo inmovilizado material e inmaterial debido ao paso do tempo.

**6.- Gastos de aluguer de instalacións.** Estes gastos corresponden aos xerados polo aluguer de instalacións como limpeza, ordenanza, equipos de son, etc.

**7.- Outras perdas de xestión corrente, por importe de 11.266,17 euros.** Esta partida corresponde a regularización do activo corrente: por unha banda de clientes incobrables 4.580,61 euros, axuste do saldo pendente de abono da Consellería de Economía por importe de 6.534,00 e rexistro dun gasto do servizo de prevención de riscos laborais correspondente a exercicios anteriores (151,56 euros).

### **OPERACIÓNS DE FONDOS**

Partida Orzamentaria	I.Orzamentado	Importe Realizado	Desviación
<b>OPERACIÓNS DE FONDOS</b>			
<b>1.- Devolución Préstamo</b>	<b>6.000,00</b>	<b>6.000,00</b>	<b>0,00</b>
<b>2.- Adquisición de Inmovilizado</b>	<b>0,00</b>	<b>775,21</b>	<b>-775,21</b>
<b>3.-TESOURERÍA</b>	<b>0,00</b>	<b>290.815,02</b>	<b>290.815,02</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE FONDOS</b>	<b>6.000,00</b>	<b>297.590,23</b>	<b>-291.590,23</b>
<b>TOTAL GASTOS (A+B)</b>	<b>832.069,23</b>	<b>991.467,52</b>	<b>-159.398,29</b>

**1.- Devolución do préstamo coa empresa ECOGAL.** Do préstamo concedido pola empresa que realizou a instalación de caldeiras de BIOMASA por importe de 30.000,00 euros amortizáronse 6.000,00 euros.

**2.- Inmovilizado Material.** Correspondente a adquisición de equipos informáticos.



## 2) BALANCE DE SITUACIÓN ABREVIADO A 31 DE DICIEMBRE DE 2020

<b>ACTIVO</b>	<b>2020</b>	<b>2019</b>	<b>PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	<b>2020</b>	<b>2019</b>
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>6.869.351,70</b>	<b>7.119.627,65</b>	<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>6.834.468,56</b>	<b>7.107.167,52</b>
<b>I. Inmobilizado intanxible</b>	<b>443,55</b>	<b>443,55</b>	<b>A-1) Fondos Propios</b>	<b>1.538.169,21</b>	<b>1.575.403,08</b>
1. Patentes, licenza, marcas e similares	443,58	443,58	<b>I. Dotación Fundacional</b>	<b>2.546.574,67</b>	<b>2.546.574,67</b>
5. Aplicacións informáticas	-0,03	-0,03	1. Dotacións Fundacionais	2.546.574,67	2.546.574,67
<b>III. Inmobilizado material</b>	<b>6.865.008,15</b>	<b>7.115.284,10</b>	<b>III. Excedentes de exercicios anteriores</b>	<b>-971.171,59</b>	<b>-974.958,16</b>
1. Terreos e construcións	6.516.526,10	6.745.814,93	1. Remanente	1.023.344,61	1.019.558,04
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material	348.482,05	369.469,17	2. Resultados de exercicios anteriores	-1.994.516,20	1.994.516,20
<b>VI. Inversións financeiras a longo prazo</b>	<b>3.900,00</b>	<b>3.900,00</b>	<b>IV. Excedente do exercicio</b>	<b>-37.233,87</b>	<b>3.786,57</b>
			<b>A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos</b>	<b>5.296.299,35</b>	<b>5.531.764,44</b>
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>605.790,53</b>	<b>582.415,22</b>	<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>5.191,50</b>	<b>9.900,00</b>
<b>III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar</b>	<b>218.696,90</b>	<b>416.708,40</b>	<b>II. Débedas a longo prazo</b>	<b>5.191,50</b>	<b>9.900,00</b>
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	22.403,52	45.488,37	1. Débedas con entidades de crédito	0,00	6.000,00
6. Outros créditos coas Administracións públicas	196.293,38	371.220,03	3. Outras débedas a longo prazo	5.191,50	3.900,00
<b>V. Fianzas constituídas a curto prazo</b>	<b>5.006,52</b>	<b>5.106,52</b>	<b>VII. Débeda con características especiais</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes</b>	<b>382.087,11</b>	<b>160.600,30</b>	<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>635.482,17</b>	<b>584.975,35</b>
1. Tesourería	382.087,11	160.600,30	<b>II. Débedas a curto prazo</b>	<b>85.004,28</b>	<b>83.985,37</b>
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>7.475.142,23</b>	<b>7.702.042,87</b>	1. Débedas con entidades de crédito	73.114,31	72.820,35
			3. Outros débedas a curto prazo	11.889,97	11.165,02
			<b>IV. Débedas con entidades do grupo</b>	<b>518.114,46</b>	<b>220.524,23</b>
			V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	<b>32.363,43</b>	<b>280.465,75</b>
			1. Proveedores a curto prazo		
			2. Outros acredores	32.363,43	280.465,75
			<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	<b>7.475.142,23</b>	<b>7.702.042,87</b>

### 3) CONTAS DE PÉRDAS E GANANCIAS ABREVIADAS A 31 DE DECEMBRO DE 2020

	(DEBE) HABER)	(DEBE) HABER)
	2020	2019
<b>A) Excedente do exercicio</b>		
<b>1. Ingresos de actividade propia</b>	<b>225.489,20</b>	<b>265.750,00</b>
d) Subvención, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio	225.489,20	265.750,00
<b>2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil</b>	<b>130.330,03</b>	<b>175.297,92</b>
a) Ventas		
b) Prestacións de servizos	130.330,03	175.197,51
<b>3. Gastos por axudas e outros</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>7. Outros ingresos de actividade</b>	<b>74.637,29</b>	<b>87.860,21</b>
<b>8. Gasto do persoal</b>	<b>-90.978,99</b>	<b>-103.330,95</b>
a) Soldos, salarios e asimilados	-68.132,12	-77.032,97
b) Cargas sociais e outros gastos sociais	-22.846,87	-26.297,98
<b>8. Outros gastos de actividade</b>	<b>-351.364,47</b>	<b>-408.795,40</b>
a) Gastos de actividade de mantemento	-193.358,86	-190.956,38
b) Gastos de actividade de eventos feirais	-158.005,61	-217.839,02
<b>10. Amortización de Inmobilizado</b>	<b>-251.051,16</b>	<b>-238.267,42</b>
<b>11. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras</b>	<b>223.495,09</b>	<b>223.728,39</b>
<b>13. Deterioro e Resultado por enaxenación de inmovilizado</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>15. Outros resultados</b>	<b>1.972,44</b>	<b>1.987,73</b>
- Ingresos extraordinarios	1.972,44	1.987,73
- Gastos extraordinarios	0,00	0,00
<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+5-6+7-8+9+11+12)</b>	<b>-37.470,57</b>	<b>4.230,48</b>
<b>16. Ingresos financeiros</b>	<b>719,37</b>	<b>35,56</b>
<b>17. Gastos financeiros</b>	<b>-482,67</b>	<b>-479,47</b>
<b>A.2) EXCEDENTE DE OPERACIÓNS FINANCEIRAS (12+13)</b>	<b>236,70</b>	<b>-443,91</b>
<b>A.3) EXCEDENTES ANTES DE IMPOSTOS</b>	<b>-37.233,87</b>	<b>3.786,57</b>
18. Impostos sobre beneficios	0,00	0,00
<b>A.4) Variación do Patrimonio neto recoñecida no excedente do exercicio (A.3.+18)</b>	<b>-37.233,87</b>	<b>3.786,57</b>
<b>B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE AO PATRIMONIO NETO</b>		
<b>B.1) Variación de patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>C) RECLASIFICACIÓNS AO EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		
<b>C.1) Variación de patrimonio neto por reclasificacións ao excedente do exercicio</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>D) Variación do patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto (B.1+C.1)</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>E) Axustes por cambios de criterio</b>		
<b>F) Axustes por erros</b>		
<b>G) Variacións na dotación fundación</b>		
<b>H) Outras variacións</b>		
<b>I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+G+H)</b>	<b>-37.233,87</b>	<b>3.786,57</b>

#### 4) CONSIDERACIÓNS FINAIS

O pasado 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de urxencia de saúde pública ocasionada polo brote do coronavirus (COVID-19) a pandemia internacional. A rápida evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, supuxo unha crise sanitaria sen precedentes, que sen dúbida impactou na contorna macroeconómico e na evolución dos negocios. Para facer fronte a esta situación, entre outras medidas, o Goberno de España procedeu á declaración do estado de alarma, mediante a publicación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e á aprobación dunha serie de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, mediante o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo.

Esta entidade viuse obrigada á pechadura das súas instalacións ata o 25 de maio e non se puideron celebrar feiras e eventos consolidados como son o Salón do Auto de Lugo, Expoverbena, Xuvenilugo, Car Outlet, Expolugo e Salón Nupcial de Lugo.

As feiras que se celebraron foron as seguintes:

- XXII edición de Xuvenilugo, Salón do Ocio Infantil e Xuvenil que tivo lugar do 1 ao 4 e do 6 ao 7 de xaneiro, de carácter lúdico, deportivo e cultural dirixido a nenos e a novos de 0 a 16 anos.

- 91ª e 92ª Exposicións Nacional Canina e 40ª Exposición Internacional Canina do 25 ao 26 de xaneiro

- XIII edición de Equigal, Salón do Cabalo de Galicia, no que terá lugar a IV edición de Concurso Nacional de Salto Cidade de Lugo, III edición do Concurso Morfolóxico de Cabalo de Pura Raza Árabe, Concurso Morfolóxico de Cabalos de Pura Raza Galega, Campionato Internacional e Internacional de RAID, e XII edición do Concurso Internacional de Cabalos e Eguas de Pura Raza Española puntuable para o campionato de España A.N.C.C.E.

Os eventos cuxa celebración estaba prevista no exercicio 2020 e que tiveron que cancelarse por mor a situación de emerxencia producida polo COVID-19 son:

- XV edición do Salón do Auto Lugo, salón do automóbil e industria auxiliar

- XV edición de Salón do vehículo de ocasión.

- Arduino Day, Salón da Robótica de Lugo. Este evento baséase sobre todo a coñecer a comunidade tecnolóxica, educativa, industrial, artística,... que medra ó redor compartindo os coñecementos tecnolóxicos (mes de marzo).

- XII edición de ExpoVerbena, evento no que ten lugar a presentación dunha gran variedade de orquestas que estarán presentes nos multitudinarios festexos de Galicia (mes de abril).
- Salón da Cervexa de Lugo (mes de maio)
- I edición de Deporte con Corazón I Xunta Multideportiva Cidade de Lugo. É un evento de carácter deportivo-social cuxa finalidade é dar a coñecer o maior número de disciplinas deportivas, fomentar o deporte e a súa importancia na saúde e poñer en valor as Federacións galegas do deporte (mes de xuño).
- I edición de DRONLUGO. Neste evento vanse expoñer os avances tecnolóxicos acadados ata o momento en cada uno dos sectores máis relevantes de vehículos non tripulados (a industria (instalacións industriais, liñas eléctricas, torres eólicas), transporte (vixilancia e inspeccións do ferrocarril, estradas, ríos), a construción e inspección de estruturas, a agricultura de precisión, seguridade e emerxencias e fotografía e vídeo profesional (mes de setembro).
- Caudal Fest, Festival (mes de setembro)
- XXIII edición de Expolugo, A Rural, que alberga un mercado gandeiro, agroalimentario e de artesanía (mes de outubro)
- X edición de Caroutlet, Esta mostra albergará unha exposición de máis de 400 vehículos: coches, motos, quads, revistas especializadas, financeiras, seguros, seguros, etc (mes de novembro).
- IV edición de EXPOBEC Lugo, salón de vodas e celebracións, que reunirá as tendencias e novidades en vodas, comunións e outras celebracións, bautizos, aniversarios,...etc. (mes de novembro).
- XXIII edición de Xuvenlugo, salón do Ocio, de carácter lúdico, deportivo e cultural dirixido a nenos e a xóvenes de 0 a 16 anos (mes de decembro).

O impacto que esta situación xerou nas contas deste exercicio foron unhas perdas por un importe total de 37.233,87 euros orixinadas pola condonación dos alugueres de oficinas, almacéns e pistas deportivas e pola falta de celebración de eventos propios e alleos.

Considerando que se trata dunha situación conxuntural que, conforme ás estimacións máis actuais e á posición de tesourería á data, non compromete a aplicación do principio de empresa en funcionamento e no caso de que eventualmente fose necesario, se a situación o requirise, esta conta co apoio dos seus patróns e estima que ten capacidade de crédito suficiente con entidades financeiras para recorrer a financiamento.